



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E SEIS DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 32)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e seis de agosto de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora D^a Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Asiste telemáticamente a Deputada dona Mónica Freire Rancaño, manifestando que se encontra en territorio español.

Non asisten a deputada dona M^a del Pilar García Porto e o deputado don Roberto Fernández Rico.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZANOVE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezanove de agosto de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA O CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE RIBAS DE SIL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 18 de agosto de 2022, na que se recolle o seguinte:

“Contratación da subministración de equipamento para o Centro de Atención ás Persoas Maiores de Ribas de Sil.

Lote 1 Mobiliario Xeral

Lote 3 Lavandaría

Lote 5 Cortinaxe



Primeiro.- Apertura de requirimento de documentación.

Segundo.- Proposta de adjudicación, se procede.

Antecedentes:

1.- Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7D43D4B54NSSFOYNXFCMZXH4¹.

2.- Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7D4X3KND4Z2SBDQRNMAJHVKY.

3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7D4GJZPIHTKXOOUMIEK72BO4.

4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7D4IB7FT5C7RBSWEXQAMQ6B4.

5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7D4IB5OB5N7NPPXVOMG4ITIU.

6.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7D4OLCZ5PC5XG2DVFTI4TDCM.

7.- Informe de fiscalización/intervención previa limitada del expediente, con CSV: IV7F2XKZJNGMRBGS6QFWINHHOM.

8.- Proposta de Presidencia, con CSV IV7D5TD6DP53L6NDYN6SKYKGAI.

9.- Acordo da Xunta de Goberno de data 10 de xuño de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adjudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7D6WHOPAOOXPJSBQD4ZL7OQ.

10.- Acta da Mesa de Contratación do día 19 de xullo de 2022, con CSV IV7DE4I6ZBPMT5GMAIED5ZCRGQ, que acordou o seguinte:

“En primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público os licitadores concorrentes son os seguintes:

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

LICITADORES	LOTES AOS QUE SE PRESENTA
ALARSA HOSTELERA S.L.	3,4
COMERCIAL CASAL S.L.	3,4
GALMEDICA S.L.	2
GARRIC MEDICA S.L.	2
INDUSTRIAS HIDRÁULICAS PARDO S.L.	1
INDUX INTEGRAL S.L.	3,4
MARINA CLIMA S.L.	3,4
PAZ DISMAC S.L.	5
RAFITEXTIL DTT 3,8 SLU	5
SOMEDE SUMINISTROS SANITARIOS S.L.U	1,5
COMERCIAL JELU S.L.U.	4
TOTAL EKIP S.L.	2,5

Considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, amesa de contratación acorda admitir as ofertas presentadas, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos “A”, resultando que todas as empresas concorrentes presentan o Anexo I de conformidade cos requisitos esixidos nos PCAP. Acto seguido, procédese á apertura do sobre B, relativo aos criterios de adxudicación avaliábeis automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos seguintes resultados:

Lote 1: Mobiliario Xeral

LICITADORES	PREZO OFERTADO	NOTA PREZO	GARANTÍA	NOTA GARANTÍA	NOTA TOTAL
INDUSTRIAS HIDRÁULICAS PARDO S.L.	131.390 €	85	5	15	100
SOMEDE SUMINISTROS SANITARIOS S.L.U.	131.630,94 €	84,84	5	15	99,84

A mesa de contratación comproba que ningunha das propostas está incurso en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido na cláusula décimo terceira do PCAP e no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP.

Lote 2: Equipos Médicos e Axudas Técnicas

LOTE 2					
LICITADORES	PREZO OFERTADO	NOTA PREZO	GARANTÍA	NOTA GARANTÍA	NOTA TOTAL
GALMEDICA S.L.	34.999,00 €	69,4	5	15	84,4
GARRIC MEDICA S.L.	34.464,77 €	70,47	5	15	85,47
TOTAL EKIP S.L.	28.574,57 €	85	5	15	100



Acto seguido procédese á comprobación de se algunha das propostas está incursa en valores anormais ou desproporcionados, en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, cos seguintes resultados:

Ofertas presentadas	Importe Oferta	Importe de la Baja	Porcentaje de Baja sobre precio base licitación	Primer Filtro (>10 unds. a la media)	Segundo Filtro de Baja Temeraria (< 10 uds a la media de las ofertas)
GALMEDICA S.L	34.999,00	3.507,00	9,11%	Se incluye	No es Baja Temeraria
GARRIC MEDICA S.L.	34.464,77	4.041,23	10,50%	Se incluye	No es Baja Temeraria
TOTAL EKIP S.L.	28.574,57	9.931,43	25,79%	Se incluye	Es Baja Temeraria
Media de las Ofertas Presentadas incluídas	32.679,45	5.826,55	15,13%	32.679,45	
Media Aritmética menos 10 unidades porcentuales			23,62%	29.411,50	

Á vista dos resultados, a Mesa de Contratación acorda, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, conceder o trámite de audiencia á empresa Total Ekip S.L., para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: “... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado”, ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.

Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico

Lote 3: Lavandaría

LICITADORES	PREZO OFERTADO	NOTA PREZO	GARANTÍA	NOTA GARANTÍA	NOTA TOTAL
ALARSA HOSTELERÍA S.L.	49.828,59 €	82,19	5	15	97,19
COMERCIAL CASAL S.L.	48.180,00 €	85	3	5	90
INDUX INTEGRA S.L.	51.000,00 €	80,3	5	15	95,3
MARIÑA CLIMA S.L.	49.262,25 €	83,13	5	15	98,13

A mesa de contratación comproba que ningunha das propostas está incurso en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido na cláusula décimo terceira do PCAP e no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP.

Lote 4: Cociña

LICITADORES	PREZO OFERTADO	NOTA PREZO	GARANTÍA	NOTA GARANTÍA	NOTA TOTAL
ALARSA HOSTELERÍA S.L.	65.252,29 €	75,03	5	15	90,03
COMERCIAL CASAL S.L.	63.214,00 €	77,45	3	5	82,45
INDUX INTEGRA S.L.	66.200,00 €	73,96	5	15	88,96
MARIÑA CLIMA	63.213,95 €	77,45	5	15	92,45
COMERCIAL JELU S.L.U.	57.600,00 €	85	5	15	100

Acto seguido procédese á comprobación de se algunha das propostas está incurso en valores anormais ou desproporcionados, en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, cos seguintes resultados:

Ofertas Presentadas	Importe Oferta	Importe de la Baja	Porcentaje de Baja sobre precio base licitación	Primer Filtro	¿Baja Temeraria?
ALARSA HOSTELERÍA S.L.	65.252,29	1.288,71	1,9367%	Se incluye	No es Baja Temeraria
COMERCIAL CASAL S.L.	63.214,00	3.327,00	4,9999%	Se incluye	No es Baja Temeraria
INDUX INTEGRA S.L.	66.200,00	341,00	0,5125%	Se incluye	No es Baja Temeraria
MARIÑA CLIMA	63.213,95	3.327,05	5,0000%	Se incluye	No es Baja Temeraria
COMERCIAL JELU S.L.U.	57.600,00	8.941,00	13,4368%	Se incluye	Es Baja Temeraria
Medias calculadas	63.096,05	3.444,95	5,18%	64.470,06	Media Ofertas incluidas
Porcentaje de Baja a partir del cual se considera BAJA TEMERARIA e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consideración (Media Aritmética Ofertas incluidas menos 10 unidades porcentuales)			12,80%	58.023,05	

Á vista dos resultados, a Mesa de Contratación acorda, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, conceder o trámite de audiencia á empresa Comercial Jelu S.L.U., para que no prazo de



5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: “... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado”, ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.

Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico

Lote 5: Cortinaxe

LICITADORES	PREZO OFERTADO	NOTA PREZO	GARANTÍA	NOTA GARANTÍA	NOTA TOTAL
PAZ DISMAC S.L.	12.884,79 €	70,6	5	15	85,6
RAFITEXTIL DTT 3,8 S.L.U	15.184,50 €	59,91	5	15	74,91
SOMEDE SUMINISTROS SANITARIOS S.L.U	10.702,42 €	85	5	15	100
TOTAL EKIP S.L.	11.388,92 €	79,88	5	15	94,88

A mesa de contratación comproba que ningunha das propostas está incurso en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido na cláusula décimo terceira do PCAP e no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP.

Polo que vai dito a mesa de contratación, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

1º.- Clasificar aos licitadores presentados, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación.

LOTE 1: MOBILIARIO XERAL		
Nº ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	INDUSTRIAS HIDRÁULICAS PARDO S.L.	100
2	SOMEDE SUMINISTROS SANITARIOS S.L.U.	99,84

LOTE 3: LAVANDARÍA		
Nº ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	MARIÑA CLIMA S.L.	98,13
2	ALARSA HOSTELERÍA S.L.	97,19
3	INDUX INTEGRA S.L.	95,3
4	COMERCIAL CASAL S.L.	90

LOTE 5: CORTINAXE		
Nº ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	SOMEDE SUMINISTROS SANITARIOS S.L.U	100
2	TOTAL EKIP S.L.	94,88
3	PAZ DISMAC S.L.	85,6
4	RAFITEXTIL DTT 3,8 S.L.U	74,91

2º.- Requirir ás empresas que se relacionan a continuación para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

LICITADOR	LOTE	PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA DEFINITIVA 5%
INDUSTRIAL HIDRÁULICAS PARDO S.L.	1	131.390,00 €	6.569,50 €
MARIÑA CLIMA S.L.	3	49.262,25 €	2.463,11 €
SOMEDE SUMINISTROS SANITARIOS S.L.U	5	10.702,42 €	535,12 €



11.- Acta da mesa de contratación reunida en data 12 de agosto de 2022, con CSV IV7AULDNFIWDXVNLS4ECG7ZOCM, que acordou o seguinte:

“Previamente, a mesa de contratación realiza a seguinte apreciación en relación coas licitadoras presentadas á presente licitación. Obsérvase que na proposta presentada pola empresa Garric Médica S.L., con CIF: B80***934, figura a proposta presentada pola empresa Unidix Care S.L., con CIF: B84***127. Tendo en conta que o Anexo I presentado por Unidix Care S.L. se atopa asinado por D. Pedro Vicente Rico Díaz-Guerra, como representante de Unidix Care S.L., a mesa de contratación aprecia que se debe considerar a proposta presentada pola empresa Unidix Care S.L.

Xa en relación co orde do día, a mesa de contratación, reunida en sesión de 19 de xullo de 2022 acordou que se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á mesa para exame do preceptivo informe técnico en relación coas ofertadas presentadas para o lote 2 pola empresa Total Ekip S.L. e para o lote 4 pola empresa Comercial Jelu S.L.U.

As empresas presentaron en prazo sendas xustificacións, que foron remitidas ao Servizo de Benestar social e Igualdade, emitindo os informes correspondentes a técnica superior de edificacións e obras, Dna. Ana Belén Mera Arias, que conclúen o seguinte:

Informe con CSV IV7DGGRP3UNP5VEY6NXFL5YTCQ, sobre a oferta presentada pola empresa Total Ekip, S.L. para o lote 2: “Polo exposto considerase que coa a información e documentación achegada para a xustificación dos custos do lote 2 queda satisfactoriamente acreditado e xustificado o baixo nivel dos custos propostos por Total Ekip, S.L. sen rebaixar a calidade das prestacións solicitadas no PPT e polo tanto pódese cumprir o mesmo. Por tanto, a xuízo de quen subscribe e coas consideracións feitas neste documento a licitadora Total Ekip, S.L. acredita documentalmente e xustifica razoadamente a oferta económica presentada.”

Informe con CSV IV7DGGQ4JNP4VHNJZQEFKBTHGU oferta presentada pola empresa Comercial Jelu, S.L.U. para o lote 4: “Polo exposto considerase que coa a información e documentación achegada para a xustificación dos custos do lote 4 quen subscribe non pode informar nin favorable nin desfavorablemente a oferta da licitadora Comercial Jelu, S.L.U., sen rebaixar a calidade das prestacións solicitadas no PPT e polo tanto que se poda cumprir ou non o mesmo. Por tanto, a xuízo de quen subscribe e coas consideracións feitas neste documento a

licitadora Comercial Jelu, S.L.U, debería xustificar documentalmente o sinalado no seu escrito de xustificación da oferta incursa en valores anormais ou desproporcionados.”

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:

En canto o Lote 4 Cociña: conceder á licitadora Comercial Jelu, S.L.U, trámite para que, no prazo de tres días hábiles, xustifique documentalmente o sinalado no seu escrito de xustificación da oferta incursa en valores anormais ou desproporcionados.

En canto o Lote 2 Equipos Médicos e Axudas Técnicas: asumir como propio o informe da técnica superior de edificacións e obras, aceptar a xustificación da oferta presentada por Total Ekip S.L. e elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	TOTAL EKIP S.L.	100
2	UNIDIX CARE S.L.	85,47
3	GALMEDICA S.L.	84,40

2º.- Requerir á empresa Total Ekip S.L.. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.



IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (orçamento de licitación sen IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA 10%
28.574,57 €	2.857,46 €

12.- Resolución de Presidencia de 27 de xullo de 2022, con CSV IV7DFWYIJBUMXZJ5VFABYXCOY, de clasificación e requirimento de documentación.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 18 de agosto de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que:

En canto os lotes 1 e 5, as licitadoras presentaron a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola mesa na sesión precedente. Incorpórase ao expediente certificado ISO 13485 que obra no expediente 2021/CON_02/000016 desta Deputación, da empresa Industrias Hidráulicas Pardo S.L., certificado do ROLECE de Somede Suministros Sanitarios, SLU, así como cartas de pago das garantías emitidas pola Tesourería provincial.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

En canto o lote 3, a licitadora presentou, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, inscrición no rexistro de contratistas da Xunta e xustificante de transferencia do importe da garantía. Incorpórase ao expediente certificado do rexistro de contratistas da Xunta, certificado da recadación da Deputación e carta de pago da garantía emitida pola Tesourería provincial. Non presenta documentos acreditativos da solvencia económica nin da solvencia técnica.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade dos seus integrantes:

Lote 3 Lavandaría:

Requirir a Mariña Clima S.L. para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

Solvencia económica e financeira. Deberá acreditarse por algún dos seguintes medios:

a) Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos. A estes efectos, o volume anual de negocios deberá ser como mínimo unha vez e media o valor anual medio do contrato: 77.782,50 euros.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Patrimonio neto positivo, ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual o superior a unidade.

Solvencia técnica ou profesional. Deberá acreditarse polo seguinte medio:

Unha relación dos principais servizos/subministracións de igual o similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, realizados durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos.

Acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.



O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior a: 36.298,50 euros.

Significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

Lote 1 Mobiliario Xeral e Lote 5 Cortinaxe:

A mesa de contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Industrias Hidráulicas Pardo S.L. a contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, expediente 2022/CON_02/000044 Lote 1 Mobiliario Xeral, por un importe de 131.390,00 € euros, aos que haberá que engadir 27.591,90 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 158.981,90 euros e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos de 5 anos.

Adxudicar á empresa Somede Suministros Sanitarios S.L.U. a contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, expediente 2022/CON_02/000044 Lote 5 Cortinaxe, por un importe de 10.702,42 €, aos que haberá que engadir 2.247,51 € en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 12.949,93 € e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos de 5 anos.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Industrias Hidráulicas Pardo S.L. a contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, expediente 2022/CON_02/000044 Lote 1 Mobiliario Xeral, por un importe de 131.390,00 € euros, aos que haberá que engadir 27.591,90 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 158.981,90 euros e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos de 5 anos.

2º.- Adxudicar á empresa Somede Suministros Sanitarios S.L.U. a contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, expediente 2022/CON_02/000044 Lote 5 Cortinaxe, por un importe de 10.702,42 €, aos que haberá que engadir 2.247,51 € en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 12.949,93 € e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos de 5 anos.

3º.- A subministración realizarase nunha única entrega para cada un dos lotes, nun prazo máximo de dous (2) meses naturais dende a sinatura da acta de inicio.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se



houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO 2022.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de A Pontenova, solicitando modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de A Pontenova no que solicita a modificación de proxectos de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A PONTENOVA	208	SUBMINISTRO DE MATERIAIS DE VALLADO	2.919,76€	6.301,17	9.220,93€

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV relativos á adxudicación dos investimentos.

5. A Alcaldía do Concello de A Pontenova a través de expediente 2022/XEN_01/002476 de data 22/08/2022 solicita:

a) A modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimento nº 208, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “...debido á suba xeralizada de todo tipo de produtos provocada pola inflación...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A PONTENOVA	208	SUBMINISTRO DE MATERIAIS DE VALLADO	3.452,16€	6.301,17	9.753,33€

6. A base 14, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial



cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de A Pontenova que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de A Pontenova, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A PONTENOVA	208	SUBMINISTRO DE MATERIAIS DE VALLADO	3.452,16€	6.301,17	9.753,33€

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de O Valadouro que ten por obxecto cooperar no financiamento da “Execución de graderío no campo de fútbol infantil de Ferreira do Valadouro”, anualidade 2022-2023.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Para os efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de O Valadouro para a execución dos fins común de “Execución de graderío no campo de fútbol infantil de Ferreira do Valadouro”, consta no expediente:

1. Solicitude do Concello de O Valadouro con número de expediente no GTM: 2022/PES_03/011806 que inclúe ademais:

a. Memoria valorada do investimento.

b. Declaracións responsables relativas a non existencia de débedas e ás obrigas a asumir polo Concello de O Valadouro.

2. Informe do servizo de Deportes relativo ao referido expediente.

3. Memoria de impacto económico.



4. Borrador de convenio.

Á vista así mesmo, do informe do Servizo de Contratación e Fomento.

E do informe do servizo de Intervención de Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, o deputado que subscribe propón que por parte da Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O Valadouro, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Execución de graderío no campo de fútbol infantil de Ferreira do Valadouro”, por importe total de 90.057,27€, dos que 85.554,27€ serán a cargo da Deputación de Lugo e 4.503,00€ a cargo do Concello de O Valadouro.

2º.- Aprobar o gasto, por importe de 85.554,27 €, dos que 50.000,00€ serán con cargo á aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022, e asumir o compromiso de incluír 35.554,27 € con cargo ao Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2023, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a favor do Concello de O Valadouro, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pastoriza para a realización conxunta da actividade “Pavimentación de accesos a núcleos das parroquias de Gueimonde e Fonmiñá”.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“O Concello de A Pastoriza solicitou, o 3 de agosto de 2022, mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade (RE nº 2022RT011005), a formalización dun convenio interadministrativo de cooperación, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Pavimentación de accesos a núcleos das parroquias de Gueimonde e Fonmiñá”.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para tela en consideración:

Informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, no que se estima procedente a aprobación do texto do citado convenio, así como do gasto plurianual derivado da súa subscrición.

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde se analiza a necesidade e oportunidade do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Á vista de toda a documentación, a Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, informou favorablemente, o 12 de agosto de 2022, o texto do convenio proposto polo centro xestor.

Finalmente, á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 16 de agosto de 2022.



Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Pastoriza, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Pavimentación de accesos a núcleos das parroquias de Gueimonde e Fonmiñá”, por importe total de 135.819,94 €, dos que 127.767,38 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 8.052,56 € a cargo do Concello de A Pastoriza.

2º.- Aprobar o gasto plurianual, por importe total de 127.767,38 €, coa seguinte distribución:

80.198,21 € con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do vixente Orzamento Xeral Provincial, a favor do Concello de A Pastoriza, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.

47.569,17 € con cargo á mesma aplicación orzamentaria do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2023, a favor do mesmo Concello e no mesmo concepto, adoptando o compromiso de dotar no dito Orzamento o importe do citado gasto, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional a outorgar pola Excmá Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “Impulso turístico-gastronómico da zona sur”, na anualidade 2022.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Impulso Turístico-Gastronómico da zona Sur.” durante a anualidade 2022, polo importe 20.000,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Informe emitido pola Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

2. Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que instrumenta a subvención antes mencionada.

3. Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2022.

4. Informe da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención

5. Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2022.

6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2022 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da 3,1-) "Turismo" apartado d), titulada



“Outras actuacións específicas” da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), do P.E.S. da Deputación de Lugo 2020-2022, aprobado por Resolución de presidencia de data 2 de abril de 2020 e actualizado por acordo da Xunta de Goberno de data 5 de marzo de 2021.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 20.000,00 €, a favor da entidade Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación denominada “Impulso Turístico-Gastronómico da zona Sur.”, na anualidade 2022, subvención incluída na Liña 3,1-) "Turismo" apartado d), titulada “Outras actuacións específicas” da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), do PES da Deputación de Lugo 2020-2022, aprobado por Resolución de presidencia de data 2 de abril de 2020 e actualizado por acordo da Xunta de Goberno de data 5 marzo de 2021.

2º.- Aprobar o gasto de 20.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 4320.48900 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 a favor da entidade Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo, para sufragar gastos derivados da actuación denominada “Impulso Turístico-Gastronómico da zona Sur.”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo, (Servizo de Turismo).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHÍCULOS HISTÓRICOS NA ANUALIDADE 2022.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria celebrada o día trece de maio de dous mil vinte e dous acordou a aprobación das bases da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos na anualidade 2022 e cuxo extracto se publicou no Boletín Oficial da Provincia núm. 117, do martes, 24 de maio de 2022.

Tendo en conta que de conformidade coa Base Oitava das Bases do procedemento, deberá constituírse unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formular unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Tendo en conta que os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica do concurso trala aprobación polo órgano competente e que para estes efectos, achéganse as listaxes nas que inclúen os/as solicitantes propostos e no seu caso as solicitudes desestimadas, e que van asinadas para os efectos.

Tendo en conta que, con data e 16 de agosto de 2022 se constituíu a Comisión de Avaliación establecida nas Bases, que acorda formular proposta de avaliación para a concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos na anualidade 2022.

Tendo en conta que de acordo ao previsto na base Décima. Acordos de resolución e notificacións, o órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión de avaliación, efectuará a proposta de acordo de resolución provisional, motivada, á Xunta de Goberno na que se expresará o/a solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de premios e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación e puntuacións e que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación, así como, de ser o caso, a



desestimación do resto de solicitudes; e que o acordo de resolución provisional será notificada aos interesados/as, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións, contados a partir do día seguinte da respectiva publicación no BOP.

Tendo en conta así mesmo que o acordo de resolución provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formularsen alegacións.

Á vista da avaliación e informe da Comisión de Avaliación

Visto o informe de servizo de Deportes

Visto o informe de Intervención

O Deputado Delegado que subscribe, proponlle á Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Avaliación,

1º.- Aprobar a resolución provisional de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos na anualidade 2022, de acordo aos criterios de valoración e contías máximas e mínimas previstos nas bases da convocatoria, segundo as especificacións e puntuacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.

2º.- O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formularsen alegacións e procederase á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. Que se publicará así mesmo na páxina web da Deputación.

3º.- Notificar o presente acordo provisional aos beneficiarios de acordo ao previsto na base décima da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DO EXPEDIENTE SUBDOT-2021/007 DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS, PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de Valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/007, correspondente á asociación de veciños Ajuilaouca (Sarria), destinada ás obras de “Acondicionamento de Local Social”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios, ano 2021.

Segundo.- Don José Carlos López Pérez (Sarria), en representación da asociación de veciños Ajuilaouca, presenta escrito con data de rexistro de entrada 5 de agosto de 2022, solicitando a renuncia á subvención SUBDOT-2021/007.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

Acceder á petición formulada por don José Carlos López Pérez (Sarria), en representación da asociación de veciños Ajuilaouca, e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 15 de xullo de 2022, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/007, para a Dotación e mellora de servizos comunitarios, por importe de 6.000,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA RELATIVA Á LIQUIDACIÓN E EXTINCIÓN POR CUMPRIMENTO DO PRAZO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO O 24 DE



AGOSTO DE 1990 POR ESTA DEPUTACIÓN DE LUGO E NATURGY GENERACIÓN SLU -ANTERIOR UNIÓN ELÉCTRICA FENOSA SA-.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“A Secretaría Xeral Sección de Patrimonio emite informe con data do 23 de agosto do 2022 baixo o CSV IV7AW3CKEEGZXKOLTTXWCAIBAU do seguinte teor literal:

“Antecedentes

Con data do 24 de agosto de 1990 asinouse un convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e Unión Eléctrica Fenosa, S.A, para o fomento do turismo, deporte e protección ecolóxica no encoro de Belesar, cuxa finalidade era a utilización dos terreos da marxe dereita do encoro, próximos á zona recreativa do encoro, nos que se podería construír as instalacións deportivas necesarias para a práctica de deportes náutico cunha superficie de 1.500 m². Dito convenio tiña unha vixencia de 30 anos e non contemplaba prórrogas, polo tanto, dita vixencia rematou con data do 24 de agosto de 2020.

Con data do 9 de xullo de 2021 a Deputación de Lugo declina o ofrecemento que Naturgy Generación SLU -anterior Unión Eléctrica Fenosa SA- fixo sobre a celebración dun novo convenio cuxa proposición presentara con data do 9 de xuño de 2021 no rexistro provincial baixo a rúbrica “Propuesta convenio entre la Excma Diputación de Lugo y Naturgy Generación SLU para la cesión de terrenos e instalaciones próximos al Salto de Belesar”.

Con data do 10 de xuño de 2022 a Deputación de Lugo fai entrega a Naturgy Generación SLU das chaves correspondentes ao inmovible “Náutico de Belesar Presa” do que queda constancia no documento asinado por dona Elvira Tuñas Dugñol, xefa da Sección de Inventario, e don Javier Agís Iglesias, como representante de Naturgy Generación SLU.

Consideracións Xurídicas

Primeira. Réxime xurídico

I. Con carácter xeral aplicarase principalmente a seguinte lexislación:

Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Lexislación básica e de aplicación xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.- LPAP-

Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.-RBEL-

A lexislación autonómica de réxime local Lei 5/97 do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e a lei 5/2011 do 30 de setembro do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Lexislación non básica da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e o seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto.

E supletoriamente a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e demais normativa xeral de carácter administrativo ou civil.

II. Con carácter específico aplicarase a lexislación reguladora dos convenios celebrados polas Administracións Públicas contida principalmente na Lei 40/2015 do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Segunda. Contextualización normativa do convenio

O nacemento do presente convenio de colaboración o 24 de agosto de 1990 entre a Deputación de Lugo e Unión Eléctrica Fenosa, S.A, ten lugar baixo o réxime xurídico da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local que de xeito moi exiguo regula os convenios administrativos nun único artigo, o artigo 57, e sen existir normativa autonómica ou sectorial de aplicación.



Se acudimos á definición doutrinal de convenio administrativo referiremos o negocio xurídico que resulta do acordo de vontades entre dous ou mais partes, unha delas é Administración Pública, quedando vinculadas co obxecto de alcanzar un fin común de interese público.

Por conseguinte o convenio que se analiza queda parametrizado baixo a vontade das partes manifestada na redacción do texto asinado sempre que, obviamente, non vulnere o establecido nunha norma legal.

Así, a vontade das partes respecto da duración do convenio resulta rotunda e indiscutible expresada na cláusula Sexta: El presente “convenio” tendrá una vigencia de treinta (30) años. Non determina nada sobre os efectos da resolución do convenio nin sobre a extinción por cumprimento do prazo establecido.

Terceira. Liquidación do convenio

I. No ámbito do presente convenio as obrigas adquiridas por esta Deputación de Lugo son as contidas na cláusula Cuarta co seguinte teor:

Cuarta.- La Excmá Diputación Provincial de Lugo se compromete a construír en los terrenos autorizados por Unión Eléctrica Fenosa SA el edificio social, local social e instalaciones deportivas según proyectos y presupuestos aprobados y que se puedan aprobar por esta Corporación, con acceso independiente a acondicionar igualmente por la Excmá. Diputación utilizando la actual pista del Polvorín.

Igualmente se compromete a acondicionar los terrenos de la “Isla de Loyo” para fines complementarios de los deportes náutico-deportivos.

II. O proxecto técnico das ditas obras foron aprobadas o 11 de setembro de 1992 pola Comisión de Goberno segundo o proxecto técnico da obra 184/92 Pol Chantada.- Club náutico en Belesar.

E as obras foron adxudicadas por acordo da Comisión de Goberno celebrada o 25 de setembro de 1992 por importe de 37.756.995 pesetas.

Que o 3 de novembro de 1992 por Resolución da Presidencia se aproba o presuposto e adxudicación das obras complementarias á 184/92 Pol Chantada.- Club náutico en Belesar cun importe de 9.800.000 pesetas.

III. Por parte desta Deputación de Lugo. Con data do 23.03.2021 os servizos técnicos provinciais emite informe sobre o resultado da inspección ocular realizada o 12 de febreiro de 2021 que define co seguinte teor:

“El día 12 de febrero de 2021 se realiza visita a las instalaciones que conforman el Club Náutico de Belesar Presa, entre las que figuran dos edificaciones:

La primera de ellas, ubicada en la parcela 620 del polígono 75, que data de 1995 y con una superficie total de 1.039,14 m², está compuesta por dos plantas:

Planta baja, en la que se ubican una zona de vestíbulo, dirección, aseos, vestuarios, hangar piraguas, gimnasio, almacén, enfermería y cubeta de adiestramiento, con una superficie construida de 658,80 m²

Planta superior, en la que se distribuye una cafetería, salón social, cocina y aseos, con una superficie construida de 380,34 m²

La segunda edificación, con referencia catastral 001600900PH02B0001OZ, tiene cuenta con una superficie total de 500 m² distribuidos en dos plantas, según los siguientes usos:

Almacén, 110 m²

Espectáculos, 130 m²

Vivienda, 260 m²

Se adjunta reportaje fotográfico realizado el día de la visita”



IV. Por parte de Naturgy Generación SLU. Non presenta ningunha oposición á liquidación do convenio polo seu vencemento, aínda mais, insiste cunha nova proposición de convenio de colaboración que presenta o 9 de xuño de 2021 no rexistro provincial baixo a xa citada rúbrica “Propuesta convenio entre la Excma Diputación de Lugo y Naturgy Generación SLU para la cesión de terrenos e instalaciones próximos al Salto de Belesar”.

V. Entrega da posesión a favor da núa propiedade. Con data do 10 de xuño de 2022 a Deputación de Lugo fai entrega a Naturgy Generación SLU das chaves correspondentes ao inmovible “Náutico de Belesar Presa” do que queda constancia no documento asinado por dona Elvira Tuñas Dugno, xefa da Sección de Inventario, e don Javier Agís Iglesias, como representante de Naturgy Generación SLU,

VI. Consolidación da plena propiedade a favor de Naturgy Generación SLU de todos os terreos, construcións e calquera outro elemento inmovible integrado no ámbito do presente convenio. A propiedade, e en ausencia de clausulado ao respecto, ostenta o dereito de accesión recollido nos artigo 353 e seguinte do Código Civil.

Cuarta. Extinción do convenio por cumprimento do prazo

Contido expresamente na cláusula Sexta: El presente “convenio” tendrá una vigencia de treinta (30) años. Polo tanto o convenio queda extinguido polo transcurso do prazo de vixencia do convenio que non prevé prórroga.

Quinta. Competencia sobre a resolución do presente convenio.

Acudiremos á Xunta de Goberno como órgano orixinariamente competente na execución das obrigas derivadas do presente convenio que deron lugar entre outras a aprobación do proxecto técnico da obra 184/92 Pol Chantada.- Club náutico en Belesar o 11 de setembro de 1992 pola Comisión de Goberno.

Conclusión.

Polo exposto estímase que se pode someterse á consideración do órgano competente a declaración da liquidación e extinción do convenio por cumprimento do prazo do convenio de colaboración asinado o 24 de agosto de 1990 entre a Deputación de Lugo e Unión Eléctrica Fenosa, S.A, para o fomento do turismo, deporte e protección ecolóxica no encoro de Belesar e do cese no uso dos terreos, construcións e calquera outro elemento inmovible integrado no ámbito do presente convenio cuxa posesión xa foi entregada por esta Deputación de Lugo con data do 10 de xuño 2022 mediante a entrega das chaves do inmovible denominado “Náutico de Belesar Presa” .

Por todo canto antecede, proponse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Declarar a liquidación e extinción do convenio por cumprimento do prazo do convenio de colaboración asinado o 24 de agosto de 1990 entre a Deputación de Lugo e Unión Eléctrica Fenosa, S.A,

2º.- Declarar o cese no uso dos terreos, construcións e calquera outro elemento inmovible integrado no ámbito do presente convenio cuxa posesión xa foi entregada por esta Deputación de Lugo con data do 10 de xuño 2022 mediante a entrega das chaves do inmovible denominado “Náutico de Belesar Presa” .

3º.- Notificar a Naturgy Generación SLU -anterior Unión Eléctrica Fenosa SA- o presente acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO COMO RESULTADO DA RECLAMACIÓN DE PARTICULARES COMPARECENTES EN EXPEDIENTE EXPROPIATORIO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Obra 91 P.O.S. 2007 Vilalba.- “Da de Vilalba a Balsa a Igrexa da Costa”, P.K. 0,000-2,400.

Co base no informe do Xefe do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos que di:

No Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos recibíuse solicitude sobre cambio de titularidade da finca 64 do expediente expropiatorio para a obra 91 P.O.S. 2007 Vilalba.- “Da de Vilalba a Balsa a Igrexa da Costa”, P.K. 0,000-2,400. Unha vez examinado o expediente e a documentación achegada, procede rectificar a mencionada titularidade no seguinte senso:

Finca	Titularidade anterior	Nova titularidade
64	José Cortiñas Pardo	Primitiva García Carballeira e Daniel Cortiñas García

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO TEMARIO ESPECÍFICO INCLUÍDO NAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA PRAZA DENOMINADA ATS, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2021, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO – OPOSICIÓN LIBRE.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 17.06.2022, apróbbase a convocatoria e as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo para o ingreso, como persoal funcionario de carreira na Deputación Provincial de Lugo, nunha praza ATS, incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2021, acceso libre, polo sistema de concurso – oposición libre.

Producíndose erro material no enunciado do tema 19 incluído na base específica 9ª Programa De Acceso B) Materias Específicas. Bloque I, e considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: *“As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito o aritméticos, existentes nos seus actos”*, propónse á Xunta de Goberno que proceda a súa corrección do seguinte xeito:

1º.- Onde textualmente di:

19. Real Decreto 485/1997, de 14 de abril sobre disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde no traballo.

2º.- Debe dicir:

19. Real Decreto 486/1997, de 14 de abril polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN TRABALLADOR PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Javier Fernández Álvarez, Vixilante do Servizo de Vías e Obras do Cadro de Persoal Laboral, terá recoñecidos 35 anos de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 7 de setembro de 2022, data previsible de xubilación forzosa e que acredita un período de



cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e 6 meses e que non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Consideracións de Dereito.

O artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril da Lei de Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación do persoal funcionario poderá ser:

a) Voluntaria

b) Forzosa, polo cumprimento da idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

[...]”.

O Artigo 53 do Convenio Colectivo Único para Persoal Laboral da Excma. Deputación Provincial de Lugo BOP (30-08-1990), no seu artigo 53.1) establece:

“A xubilación forzosa do persoal laboral a fin de contribuír á realización dunha política de promoción de emprego, declararase de oficio ao cumprir o traballador os 65 anos de idade. A xubilación forzosa de ditos traballadores rexirase polo establecido na Lei 8/80, de 10 de marzo (...)”

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2022	37 anos e 6 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 6 meses	66 anos e 2 meses

[...].”.

Á vista dos considerandos anteriormente sinalados e tendo presente que D. Javier Fernández Álvarez terá acreditado, á data do 7 de setembro de 2022, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 37 anos e 6 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), Acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do traballador do Cadro de Persoal Laboral, D. Javier Fernández Álvarez, con efectividade do día 7 de setembro de 2022, data na que se extingue a súa relación laboral con esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as Deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.